

## Acta da Reunión Extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 4 de decembro de 2013

### Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar  
Mulleiro Parada, Luis M.  
Orge Míguez, José Carlos  
Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
Valcárcel Fernández, Patricia

Aneiros Pereira, Jaime  
Bergareche, Gros, Almudena  
Bouso Cedrón, Pedro  
Bruna Quintas, M<sup>a</sup> Cristina

Domínguez Rubira, Carmen  
Ferrero Martínez, M<sup>a</sup> Dolores  
Fuenteseca Degeneffe, Margarita  
García Gestoso, Noemi  
Ibáñez Paz, Regina  
Manzano González, Baltasar  
Mariño de Andrés, A. Manuel  
Martínez, Yáñez, Nora M<sup>a</sup>  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Lago, José Ramón  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Estévez Abeleira, Teresa  
Salgado André, M<sup>a</sup> Elena

Álvarez Francés, Irene  
Álvarez Morais, Noelia  
Fernández Huidobro, Adrián  
Francisco Bergiela, Agustín

Iglesias Prado, Elena  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Ramil Vázquez, Paula  
Vázquez Escudero, Antonio José  
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 13.30 h. coa seguinte:

**PUNTO ÚNICO.-** Aprobación, se procede, da proposta de plan de simultaneidade dos Graos en Dereito e ADE, aprobada pola Comisión Delegada.

A Decana solicita á Vicedecana Patricia Vacárcel que ante a ausencia da Secretaria faga ás veces desta.

A Decana excusa as ausencias dos seguintes membros da Xunta: Emma Rodríguez Rodríguez; María Antonia Arias Martínez; Magdalena Barahona Martín; M<sup>a</sup> Cruz Barreiro Carril; Jaime Cabeza Pereiro; José María Docampo Barrueco; Rafael Fernández Acevedo; Pablo Grande Seara; Esther González Pillado; Pilar Trigo Gómez; Teresa Martínez Táboas

**PUNTO ÚNICO.-** Aprobación, se procede, da proposta de plan de simultaneidade dos Graos en Dereito e ADE, aprobada pola Comisión Delegada

A Decana explica o percurso a través do cal chégase a presente proposta de simultaneidade de Graos, explica que a idea que o sustenta é manter o perfil económico empresarial característico da Facultade de Ciencias Xurídicas. Aclara que se trataría de poner en marcha un grupo específico de alumnos para a simultaneidade.

Solicita ademáis que se delegue no Decanato a posibilidade de canalizar as modificacións que, de ser preciso, puideran terse que realizar na normativa específica de simulteneidade. Considera que, en calquera caso, de térense que facer ditas modificacións, serían mínimas.

A Decana pregunta se pode aprobar a proposta de plan de simultaneidade dos Graos en Dereito e ADE por asentimento, así como a delegación solicitada e así acontece, quedando a proposta aprobada nos termos en que figuran no ANEXO I da presente acta.

P.O. Patricia Valcárcel Fernández  
Vicedecana

## ANEXO I

(Versión final acordada a partir da delegación efectuada ao Decanato nesta Xunta)

### **PROGRAMA DE SIMULTANEIDAD DERECHO-ADE** **DISTRIBUCIÓN ASIGNATURAS EN LOS 5 AÑOS(360 créditos)**

<b>PRIMER CURSO (72 créditos)</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>		<b>2º CUATRIMESTRE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Teoría del Derecho	9	Derecho Constitucional I	9
Matemáticas	9	Estadística	6
Fundamentos de Admón. Empresarial	6	Gestión de Empresas	6
Derecho Romano	6	Historia del Derecho	6
Economía Mundial y Española	6	Microeconomía	9
<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>TOTAL</b>	<b>36</b>

<b>SEGUNDO CURSO (72 créditos)</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>		<b>2º CUATRIMESTRE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Derecho Constitucional II	6	Derecho Penal I	9
Econometría	6	Contabilidad Financiera I	6
Matemáticas de las Operaciones Financieras	6	Políticas Económicas	6
Introducción al Dº Civil y Dº de la persona	6	Derecho Civil I. Obligaciones y Contratos	6
Derecho de la Unión Europea	6	Derecho Internacional Público	9
Macroeconomía	6		
<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>TOTAL</b>	<b>36</b>

<b>TERCER CURSO (72 créditos)</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>		<b>2º CUATRIMESTRE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Derecho Administrativo I	9	Sistema Judicial Español y Proceso Civil	9
Dirección de Operaciones	9	Dirección de Recursos Humanos	9
Derecho Penal II	6	Decisiones de Inversión	6
Derecho Civil II. Derechos Reales	6	Dirección Comercial I	6
Contabilidad Financiera II	6	Teoría de la Organización	6
<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>TOTAL</b>	<b>36</b>

<b>CUARTO CURSO (72 créditos)</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>		<b>2º CUATRIMESTRE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social	9	Derecho Mercantil I	9
Contabilidad de Costes	9	Derecho Civil III. Familia y Sucesiones	6
Derecho Procesal Penal	6	Derecho Financiero y Tributario I	9
Derecho Administrativo II	6	Decisiones de Financiación	6
Dirección Comercial 2	6	Dirección Estratégica	6
<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>TOTAL</b>	<b>36</b>

<b>QUINTO CURSO (72 créditos)</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>		<b>2º CUATRIMESTRE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Derecho Internacional Privado	9	Planificación Financiera	6
Análisis Contable	9	Régimen Fiscal de la Empresa	6
Derecho Financiero y Tributario II	6	Investigación Comercial	6
Derecho Mercantil II	6	Dirección Estratégica Internacional	6
Valoración de Activos	6	TRABAJO FIN DE GRADO	12

<b>TOTAL</b>	<b>36</b>	<b>TOTAL</b>	<b>36</b>
--------------	-----------	--------------	-----------

# Universidade de Vigo

## **Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Dereito e o Grao en Administración e Dirección de Empresas**

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/unha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Ciencias Económicas e Empresariais sobre os planos de estudos oficiais.

Esta formación combinada responde a unha demanda moi concreta do tecido empresarial actual: profesionais que sexan capaces de simultanear as decisións empresariais e a aplicación da lexislación correspondente con confianza e garantías xa que o sector empresarial e o mundo xurídico son inseparables. Obviamente este perfil permitirá traballar tanto no campo empresarial, como no xurídico, pero o que é máis relevante, naqueles postos de traballo no que a combinación das competencias de ambos os campos é especialmente necesaria e valorada.

Para a posta en marcha do programa conxunto, resulta necesario regular determinados aspectos que contribuirán ao seu éxito, nomeadamente:

### **Art. 1. Autorización do programa:**

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa de simultaneidade proposto polas Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Ciencias Económicas e Empresariais que permita simultanear os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar a partir dos planos de estudos oficiais e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

### **Art. 2. Titulación que se obterá:**

Os/as alumnos/as que superaren o programa de simultaneidade Dereito-ADE obterán os dous títulos oficiais de Graduado/a en Dereito e Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas.

### **Art. 3. Duración do programa:**

Terá unha duración de dez cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 360 ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

### **Art. 4. Centro responsable das xestións administrativas do programa de simultaneidade Dereito-ADE:**

Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico do estudante, acórdase designar a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do que está disposto no artigo 12 desta normativa para o procedemento de expedición de títulos oficiais.

**Art. 5. Centro de impartición do ensino:**

1. O ensino das materias do programa de simultaneidade Dereito-ADE será de xeito independente ás materias equivalentes no grao de Dereito e no grao de ADE.
2. Os cursos se impartirán na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
3. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudante organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do programa de simultaneidade e que contribúa á súa integración na vida de cada Centro.
4. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición dos alumnos no período de matrícula.

**Art. 6. Coordinación do programa de simultaneidade:**

- Existirá un coordinador/a do programa de simultaneidade. A súa elección correspóndelle o/a Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e o/a Decano/a da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- Ademais establecerase un órgano coordinador formado por 5 membros, a saber: Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou persoa en quen delegue, o/a Decano/a da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou persoa en quen delegue, o/a vicedecano/a responsable académico do Grao en Dereito, o/a vicedecano/a responsable académico do Grao en ADE e o/a coordinador/a do programa de simultaneidade.

**Art. 7. Número de estudantes:**

Para o curso académico 2014–2015 ofértanse **40 prazas**. O 25% destas prazas detraeránselle das prazas correspondentes á oferta do grao en Dereito e o 75%, das prazas correspondentes á oferta do grao en ADE (**SOLO SI EL RECTORADO NOS OBLIGA A CEDER PLAZAS**). No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprrobe o Consello de Goberno.

**Art. 8. Admisión de estudantes**

1. A solicitude de admisión para cursar o programa de simultaneidade Dereito-ADE realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade de Vigo.
2. Só poderán optar ao programa simultáneo aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos graos.
3. Dado que o programa de simultaneidade Dereito-ADE se vai introducir de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión para estes estudos aqueles estudantes que xa están a cursar, ben o grao de Dereito ou ben o Grao de ADE ou outros graos da rama Xurídico-Social. Isto é, para aqueles estudantes que xa iniciasen un dos dous graos e desexen cursar de forma simultánea os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade de Vigo sobre simultaneidade de estudos, facilitándolles, na medida dopsible, a súa adaptación.

#### **Art. 9. Criterios de matrícula**

1. Os estudantes que cursen estes estudos deberán matricularse a tempo completo. Isto é, o/a estudante matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate ou dun número mínimo de 72 créditos ECTS, agás no caso de que a cantidade de créditos necesaria para rematar o programa de simultaneidade sexa inferior.
2. Para os efectos da posible obtención de bolsas, os/as estudantes deberán sinalar, no momento de formalizaren a súa matrícula, en cal das dúas titulacións desexan ser considerados bolseiros/as.

#### **Art. 10. Avaliación**

1. As convocatorias de exame das distintas disciplinas realizaranse nas datas que determine o calendario oficial no centro responsable do programa de simultaneidade, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
2. Os exames serán realizados de xeito diferenciado aos exames do estudantado das mesmas materias matriculado no Grao en Dereito ou no Grao en ADE.

#### **Art. 11. Requisitos de permanencia.**

La permanencia en el Programa de simultaneidad se regirá por los criterios de permanencia aprobados por la Universidad de Vigo.

#### **Art. 12. Abandono dunha das dúas titulacións**

1. Os/as estudantes, de ser o caso, poderán:
  - Optar por calquera das dúas titulacións iniciadas sempre que teñan aprobada como mínimo unha materia do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos básicos superados.
  - Optar por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.
2. Os/as estudantes poderán desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxese a Normativa de Xestión Académica que se aprobe para cada curso académico.

#### **Art. 13. Recoñecementos específicos para estudantes da simultaneidade Dereito-ADE**

- Ao alumnado que curse o programa de simultaneidade recoñeceránselle os créditos das materias optativas dos graos polos créditos das materias obrigatorias que constan no **ANEXO II** desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materias obrigatorias.
- O recoñecemento realizarase polo decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do estudante, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plano de estudos da simultaneidade Dereito-ADE, agás os do traballo de fin de grao.



- Na fase final dos planos de estudos deste programa, realizarase un Traballo Fin de Grao (12 créditos ECTS) no que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores. Con este o estudante acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas dos dous graos para o desempeño profesional. Este traballo de Fin de Grao deberá estar dirixido por un profesor ou profesores dos departamentos con docencia na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

#### **Art. 14. Expedición dos títulos oficiais de Grao**

Os/as estudantes deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado en Dereito e Graduado en Administración e Dirección de Empresas, ante os servizos administrativos de cada centro. Pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario

Os trámites administrativos que se realizarán en cada un dos servizos mencionados serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais na Universidade de Vigo.

#### **Disposicións finais**

*Primeira:* a Universidade de Vigo resérvase o dereito de non ofertar, para os seguintes cursos académicos, o programa de simultaneidade Dereito-ADE se a demanda destes estudos non se correspondera coa oferta académica anual. Porén, os/as estudantes matriculados terán garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos no programa de simultaneidade.

*Segunda:* sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e pola demais normativa académica vixente da Universidade de Vigo que resulte de aplicación.

*Terceira:* as presentes normas serán de aplicación no curso académico 2014–2015 e nos sucesivos cursos académicos.

*Cuarta:* as prazas do programa de simultaneidade que non se cubran nos chamamentos do mes de xullo reverterán novamente, ao 25%, na oferta de grao en Dereito e ao 75% na oferta de grao en ADE nos chamamentos do mes de setembro e seguintes, de ser o caso. **(SOLO SI EL RECTORADO NOS OBLIGA A CEDER PLAZAS).**

## **ANEXO I**

### **PRIMEIRO**

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Teoría do Dereito (9 ECTS)	Matemáticas (9 ECTS)	Economía Mundial e Española	Dereito Romano	Fundamentos de Administración Empresarial
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Constitucional I (9 ECTS)	Estadística	Microeconomía (9 ECTS)	Historia do Dereito	Xestión de Empresas

### **SEGUNDO**

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Constitucional II	Econometría	Matemáticas das Operacións Financeiras	Introdución ao Dereito Civil e Dereito da persoa	Dereito da Unión Europea	Macroeconomía
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Penal I (9 ECTS)	Contabilidade Financeira I	Políticas Económicas	Dereito Internacional Público (9 ECTS)	Dereito Civil I. Obrigaciónse Contratos	

### **TERCEIRO**

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Administrativo I (9 ECTS)	Dirección de Operacións (9 ECTS)	Dereito Penal II	Dereito Civil II. Dereitos Reais	Contabilidade Financeira II
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dirección Comercial 1	Dirección de Recursos Humanos (9 ECTS)	Decisións de Inversión	Sistema Xudicial Español e Proceso Civil (9 ECTS)	Teoría da Organización

### **CUARTO**

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito do Traballo e da Seguridade Social (9 ECTS)	Dereito Procesal Penal	Contabilidade de Custos (9 ECTS)	Dereito Administrativo II	Dirección Comercial 2
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Mercantil I (9 ECTS)	Dereito Civil III. Familia e Sucesións	Dirección Estratéxica	Decisións de Financiamento	Dereito Financeiro e Tributario I (9 ECTS)

### **QUINTO**

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Internacional Privado (9 ECTS)	Análise Contable (9 ECTS)	Dereito Financeiro e Tributario II	Valoración de Activos	Dereito Mercantil II
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Planificación Financeira	Investigación Comercial	Réxime Fiscal da Empresa	Dirección Estratéxica Internacional	Traballo Fin de Grao (12 ECTS)

## ANEXO II

A) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en Dereito recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en ADE (36 ECTS).

### Taboa de recoñecementos:

<b>ASIGNATURAS OBRIGATORIAS ADE</b>		<b>ASIGNATURAS OPTATIVAS DEREITO</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Teoría da Organización	6	Dereito Penal da Empresa	6
Contabilidade Financeira II	6	Dereito Concursal	6
Dirección Comercial I	6	Dereito da Seguridade Social	6
Políticas Económicas	6	Constitución Económica	6
Macroeconomía	6	Dereito da Competencia e da P.I.	6
Réxime Fiscal da Empresa	6	Réxime Fiscal da Empresa	6

B) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en ADE recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Dereito (36 ECTS).

### Taboa de recoñecementos:

<b>ASIGNATURAS OBRIGATORIAS DEREITO</b>		<b>ASIGNATURAS OPTATIVAS ADE</b>	
<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>	<b>Asignatura</b>	<b>Créditos</b>
Dereito Civil I. Obrigaciónse Contratos	6	Marketing Responsable	6
Dereito Penal II	6	Dereito Penal da Empresa	6
Dereito Civil II. Dereitos Reais	6	Xestión Bancaria	6
Dereito Mercantil II	6	Contabilidade Financeira Avanzada	6
Dereito Financeiro e Tributario II	6	Enxeñaría Financeira	6
Dereito da Unión Europea	6	Dereito do Comercio Internacional	6